

## O ALLEO É NOSO

O dito amplamente estendido de “*traduttore traditore*” non sempre fai xustiza ao labor calado e arduo que desempeñan día a día todos os que se esforzan en facernos chegar as obras doutras literaturas na nosa propia lingua. Se na actualidade se entende que é un signo de normalidade para un sistema literario o aumento e, sobre todo, a calidade das súas traducións -polo que isto significa de diálogo co alleo e de proxección exterior das creacións autóctonas-, os esforzos das editoras van encamiñados a ir ofrecendo as obras referenciais da literatura universal na súa versión galega como xa acontece, por exemplo, coa *Divina Comedia* de Dante, os clásicos da literatura latina, as pezas teatrais de Shakespeare, os grandes novelistas (Stendal, Twain, Virginia Woolf) ou a poesía de Leopardi, Paul Eluard, Seamus Heaney, Sandra Cisneros... Neste sentido, o precedente máis significativo foi o traballo dos autores da Xeración Nós que, na revista homónima, difundiron a coetáneos seus como Joyce, Verlaine ou Baudelaire. E tamén o labor de Plácido Castro, Lois Tobío e Florencio M. Delgado Gurriarán cando, en 1949, responden á convocatoria da Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires que celebraba o seu vixésimo quinto aniversario convocando un concurso onde se propuña versionar a dez poetas franceses ou ingleses modernos. Os tres foron premiados e de aí saíu un volume de *Poesía inglesa e francesa* que agora recupera Galaxia dentro da súa colección de “Clásicos Universais”. Os poetas traducidos pertencen a un amplo espectro cronolóxico que vai desde comezos do século XIX até a metade do século XX sendo o máis vello dos escolmados o romántico Percy B. Shelley (nado en 1792) e o máis novo o francés René Laporte (que viu a luz en 1905). A selección dos autores a traducir estaría focada, como salienta Carlos Lema no prólogo a esta segunda edición, “*cara a tres eixos: a influencia que a obra de moitos dos autores seleccionados ten na evolución da poesía contemporánea, a relevancia e interese que os temas ou as formas poética puidesen ter respecto da tradición literaria galega e o propio gusto dos seleccionadores*”. Así, atopamos representados os grandes movementos da poesía moderna como o Romanticismo (con Yeats, Shelley e Keats) que nos aporta os seus ecos medievais, o sentimento trágico da existencia e o gusto polo amor desesperado, ou o Simbolismo (Verlaine, Valéry, Baudelaire, Rimbaud) coa súa sensual maneira de falar e percibir o mundo. Mais, a carón deles están tamén Christina Rossetti, Thomas Hardy, Tennyson, Cocteau ou Maeterlinck, grandes voces da poesía universal pois, co seu esforzo, os tradutores, trataron de que “*o estranxeiro vén a gañar carta de cidadanía. O alleo é agora noso*”.

TERESA SEARA

*Tempos Novos*, 99, agosto 2005, p. 70